

DEBUXO ARTÍSTICO

Cualificación: Cuestión 1ª = 5 p.; cuestión 2ª = 5 p.

OPCIÓN 1

1.1. Realizar un debuxo onde interveñan tres prismas de base rectangular de distintos tamaños; un deles deberá estar superposto ós outros dous, o foco lumínico situarase á esquerda dos corpos. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na situación espacial dos obxectos, nos seus tamaños e nas relacións de craro-escuro.

1.2. Con técnica libre e facendo, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), realizar unha interpretación libre da seguinte obra de BOTTICELLI, Sandro, 1470: *Judit volvendo do campamento de Holofernes*.



OPCIÓN 2

2.1. Realizar un debuxo onde interveñan un prisma de base rectangular e dous cubos; un dos cubos deberá estar situado sobre o prisma. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na situación espacial dos obxectos, nos seus tamaños e nas relacións de craro-escuro.

2.2. Con técnica libre e realizando, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), realizar unha composición interpretando gráficamente o texto seguinte:

“A temperatura era máis alta. Indicoume pausa cun sorriso e un xesto. Non falaba francés nin inglés e eu desconfiaba do meu pobre coñecemento do árabe, por iso entendímonos polos xestos. Compartimos silencios e tactos. Toda a estancia era de mármore branco coma a que tiñamos atravesado anteriormente. A calor viña do chan baixo o que circulaban as canles ca auga quente polo lume que ardía nunha grande caldeira alimentada con serraduras de cedro baixo as anchas laxes sobre as que apoiaban os nosos pés. Nas paredes había unhas cunchas grandes das que derramábanse con suavidade auga fresca producindo nubes de vapor ó seu arredor.”

GARCÍA FAJARDO, José Carlos (2000). *Marrakech, unha fuxida*. Barcelona: Anthropos, (páx. 32).


DEBUXO ARTÍSTICO

Cualificación: Cuestión 1ª = 5 p.; cuestión 2ª = 5 p.

OPCIÓN 1

1.1. Realizar un debuxo de dous prismas de base rectangular e un cubo, onde o cubo deberá estar situado diante dun dos prismas, o foco lumínico situarase a dereita dos corpos. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na situación espacial dos obxectos, nos seus tamaños e nas relacións de craro-escuro.

1.2. Con técnica libre e facendo, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), realizar unha interpretación libre da obra seguinte: “*nu descendant un escalier, N° 2*” (“*nu baixando unha escaleira, nº 2*”), 1912 óleo sobre lenzo de Marcel Duchamp.



OPCIÓN 2

2.1. Realizar un debuxo onde interveñan dous cubos de igual tamaño e un prisma de base rectangular; un dos cubos deberá estar situado diante do prisma, o foco lumínico será único e partirá da esquerda. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na situación espacial dos obxectos, nos seus tamaños e nas relacións de craro-escuro.

2.2. Con técnica libre e realizando, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), realizar unha composición interpretando graficamente o texto seguinte:

“Pouco a pouco a primavera deu paso ós días longos, calorosos e cegadores do verán; as cigarras, renxentes e excitadas polo cambio, facían tremar a illa enteira cos seus berros. No campo empezaba a encherse o millo, os sedosos pelos do millo pasaban do castaño ó loiro; cando rasgando a envoltura de follas cravabas o dente nas ringleiras de grans nacarados, un zume coma leite saltábache á boca.”

DURRELL, Gerald (1997). *Miña familia e outros animais*. Madrid: Alianza Editorial, (páx. 172).

CONVOCATORIA DE XUÑO

No primeiro exercicio terase en conta os seguintes aspectos:

- A capacidade expresiva da técnica gráfica escollida.
- A capacidade de análise e síntese.
- A composición.
- O estudio do claroscuro.
- As relacións de proporcións entre os corpos.

A puntuación máxima será de 5 puntos.

No segundo exercicio a avaliación contemplará os seguintes aspectos:

- A capacidade creativa do alumno, tanto na comprensión como na expresión, mediante o debuxo das formas a representar.
- O coñecemento do material a empregar, a súa adecuación ó debuxo a realizar e a capacidade expresiva da técnica gráfica.
- A composición.

-A capacidade de representa-lo imaxinado.

A puntuación máxima será de 5 puntos.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

No primeiro exercicio terase en conta os seguintes aspectos:

- A capacidade expresiva da técnica gráfica escollida.
- A capacidade de análise e síntese.
- A composición.
- O estudio do claroscuro.
- As relacións de proporcións entre os corpos.

A puntuación máxima será de 5 puntos.

No segundo exercicio a avaliación contemplará os seguintes aspectos:

- A capacidade creativa do alumno, tanto na comprensión como na expresión, mediante o debuxo das formas a representar.
- O coñecemento do material a empregar, a súa adecuación ó debuxo a realizar e a capacidade expresiva da técnica gráfica.
- A composición.

-A capacidade de representa-lo imaxinado.

A puntuación máxima será de 5 puntos.